

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: MELLORA DE REDE VIARIA EN PIÑEIRON, BERDOMÁS E OUTROS

Nº EXPEDIENTE: 2018/G003/000649

LOGO DE VER a Resolución do Director Xeral de Agader do 18/05/2017 pola que se concede unha axuda para a execución da obra de “MELLORA DE REDE VIARIA EN PIÑEIRÓN (A GÁNDARA) E BERDOMÁS-OROSO E OROSO PEQUEÑO –N-550 (OROSO) por importe de 62.582,07 euros.

E DE VER o proxecto básico e de execución da obra de MELLORA DE REDE VIARIA EN PIÑEIRÓN (A GÁNDARA) E BERDOMÁS-OROSO E OROSO PEQUEÑO –N-550 (OROSO), redactado pola arquitecta técnica municipal, dona Yolanda García Fachal, de setembro de 2017, cun importe de 62.582,07 euros(IVE incluído).

E DE VER a Providencia desta Alcaldía de data 29/05/2018 pola que se inicia o expediente de contratación da obra de MELLORA DE REDE VIARIA EN PIÑEIRÓN (A GÁNDARA) E BERDOMÁS-OROSO E OROSO PEQUEÑO –N-550 (OROSO) na que se establece como procedemento de contratación o procedemento aberto simplificado, tramitación manual en base ao establecido na Disposición adicional decimoquinta, apartado 3.a) da LCSP xa que a plataforma de contratos do Estado non soporta este tipo de procedemento, non contando o concello con ningunha plataforma na actualidade.

E DE VER o Formulario Resumén do Contrato no que se xustifica a necesidade do contrato, a non división en lotes e se desglosa o orzamento base de licitación asinado por esta Alcaldía con data 29/05/2018.

E DE VER o certificado de existencia de crédito axeitado emitido polo Interventor da Corporación en data 30/05/2018.

E DE VER que con data 04/06/2018 o arquitecto municipal, don Manuel Suárez Bermúdez, emite informe favorable á aprobación do proxecto, pero no que se fai constar a necesidade de contar previamente cunha serie de autorizacións sectoriais.

E DE VER os Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da obra de Mellora de rede viaria en Piñeirón (Gándara) e Berdomás (Oroso) e Oroso Pequeno-N550 (Oroso), que redacta o interventor municipal, Felix Manuel Carrasco del Pozo, asinados con data 11/06/2018.

E de ver o informe desfavorable do secretario municipal do 11/06/2018.

E de ver o informe desta Alcaldía xustificativo da imposibilidade de utilización de propostas electrónicas asinado con data 11/06/2018.

E de ver o informe de reparo do interventor municipal do 12/06/2018.

Tendo en conta a necesidade de executar as obras de Mellora de rede viaria en Piñeirón (Gándara) e Berdomás (Oroso) e Oroso Pequeno-N550 (Oroso), para os efectos de xustificación da subvención concedida mediante a

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.orosos.es | www.concelloroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

Resolución do Director Xeral de Agader do 18/05/2017 que establece que o prazo para a xustificación da dita subvención remata o día 30/09/2018, para ganar tempo na tramitación do expediente e poder remitir a documentación xustificativa relativa á execución no prazo establecido e por razóns de interés público.

De conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e de acordo coas competencias que me outorga a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de contratos do sector público e no uso das atribucións que me confire o artigo 217.1) e 185 e 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locai, con esta data, RESOLVO

1º) Levantar o informe de reparo de Intervención do 12/06/2018 por razóns de interés público, xa que a concesión da subvención establece a necesidade de que esta estea xustificada o 30 de setembro de 2018 e para ganar tempo na tramitación do expediente e poder remitir a documentación xustificativa relativa á execución no prazo establecido.

2º) A aprobación do proxecto básico e de execución da obra MELLORA DE REDE VIARIA EN PIÑEIRÓN (A GÁNDARA) E BERDOMÁS-OROSO E OROSO PEQUEÑO –N-550 (OROSO), redactado pola arquitecta técnica municipal, dona Yolanda García Fachal, de setembro de 2017, cun importe de 62.582,07 euros(IVE incluído).

3º) Aprobar o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexeran a contratación do contrato da obra MELLORA DE REDE VIARIA EN PIÑEIRÓN (A GÁNDARA) E BERDOMÁS-OROSO E OROSO PEQUEÑO –N-550 (OROSO) que redacta o interventor municipal, Felix Manuel Carrasco del Pozo en data 11/06/2018.

4º).- Aprobar o gasto polo seguinte importe con cargo á seguinte partida do orzamento municipal para o ano 2018:

PARTIDA	PROXECTO	ANO 2018
453.619.00	2017/2/PMCM/1	62.582,07 €

5º). Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, tramitación manual, con pluralidade de criterios de adxudicación evaluables mediante fórmulas, procedéndose a anunciar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.oros.es | www.concelloroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.oros.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.